

LISTAS DE CONTRATACION TEMPORAL DO DECRETO 37/2006 (CITACIÓNS ELECTRÓNICAS)

Santiago de Compostela 28/12/23

De acordo co transmitido na última Comisión Permanente de Listas, a Dirección Xeral da Función Pública informa na súa web que:

Coa entrada en vigor da **Lei de medidas para o ano 2024**, modifícase o **artigo 14.1 do Decreto 37/2006**, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, que **queda redactado do seguinte xeito**:

“As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dous días naturais desde á posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido”.

Polo tanto, a partir do día 2 de xaneiro de 2024, as **persoas integrantes das listas** de contratación temporal elaboradas ao abeiro Decreto 37/2006, do 2 de marzo, **disporán de dous (2) días naturais para ordenar e validar os postos ofertados entendéndose rexeitadas en caso de non facelo nese tempo.**

